




CONCELLO DE NARÓN
PROMOCIÓN ECONÓMICA

Saúdo do concelleiro de Promoción Económica,

David Pita

Dende a Concellería de Promoción Económica ofrecémoslles aos empresarios e empresarias, así como a aquelas persoas que, con espírito emprendedor, aposten por asentarse nalgún dos tres parques empresariais da nosa cidade unha nova ferramenta informativa. A través desta publicación coñecerán de primeira man datos relativos aos tres polígonos industriais da nosa cidade e as súas comunicacións, a oferta de solo industrial e tamén as bonificacións ás que, cumprindo unha serie de requisitos, poden acollerse.

As oportunidades que ofrecen os parques empresariais das Lagoas, A Gándara e O Río do Pozo son la mellor baza a día de hoxe para investir en Narón e ampliar o tecido industrial desta cidade. En conxunto suman preto de 4,5 millóns de metros cadrados de superficie e aglutinan a centos de empresas de diferentes sectores. As comunicacións por estrada destes polígonos, así como a través de rutas ferroviarias, marítimas ou aéreas próximas, son un atractivo máis á hora de que as empresas se asentén nalgún dos tres polígonos industriais, onde ademais contan cunha ampla rede de servizos.





José David Pita Breijo
Concelleiro de Promoción Económica

Narón é un municipio español, situado ao noroeste da provincia da Coruña.



Narón pertence á comarca de Ferrolterra e é o oitavo municipio máis poboado de Galicia, sendo o cuarto na provincia da Coruña.

É unha poboación cunha marcada tradición vinculada ao sector naval, e que pouco a pouco foi diversificando as súas actividades industriais e de ocio, posicionándose hoxe en día como motor industrial da comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal, e como un dos concellos máis relevantes nesta área a nivel autonómico.

En Narón

está situado o terceiro polígono industrial de maior superficie

de Galicia, Río do Pozo. Existen ademais outros dous polígonos industriais: A Gándara e As Lagoas. Polo municipio discorren vías rápidas de alta capacidade, xa que a autoestrada AP-9 cruza o núcleo urbano e conta con dous ramais que unen o parque empresarial do Río do Pozo coa autoestrada e a circunvalación de Narón. Ademais, o trazado da autovía Ferrol - Vilalba e a vía de FEVE Ferrol - Xixón contribúen a mellorar as comunicacións viarias do municipio.



4 RAZÓNS

01

POLÍGONOS
INDUSTRIAIS

02

TERRITORIO
DE
EMPRESAS

03

OFERTA DE
SOLO
INDUSTRIAL

04

PORTO
NAVAL

05

DOING
BUSINESS
NARÓN

Para investir en Narón



Piar económico e empresarial

O RÍO DO POZO

Dende que comezou a súa actividade no ano 1993, foi medrando ata situarse coma o terceiro polígono de maior superficie de Galicia tras os polígonos de San Cibrao e de Sabón, e na actualidade é o motor económico, industrial e comercial da comarca Ferrolterra.

En total ocupa unha superficie de 2.241.050 metros cadrados que se desenvolveron en catro fases.

O sector I abarca 823.293 m², o sector II 288.281 m², o sector III 495.000 m² e o sector IV 922.757 m². Do total da superficie, continúan en venda un total de 362.868 m² en distintos sectores.

Vías de comunicación:

- Pódese acceder a Río do Pozo directamente pola autovía Ferrol-Vilalba, AG-64, que conta cun enlace á autoestrada do Atlántico A-9 pola AC-5401.

- O aeroporto máis próximo está a 55 km sendo o de Alvedro, A Coruña; o porto que máis cerca está é o de Ferrol a 7 km, e la terminal de carga ferroviaria a de Neda a 8 km de distancia.

Distancias ás principais cidades galegas:

Ferrol - 11 km.

A Coruña - 52 km.

Santiago - 99 km.

Lugo - 116 km.

Vigo - 181 km.

Pontevedra - 156 km.

Ourense - 194 km.

POLÍGONOS INDUSTRIAIS



Limita
entre Narón
e Ferrol

A GÁNDARA

A Gándara foi inaugurado no ano 1982, e dende entón sufriu varios cambios, xa que se no momento da súa inauguración a actividade máis importante era a do sector naval e industria pesada, na actualidade é o punto comercial máis importante da zona.

A superficie do polígono da Gándara é de 1.337.045 metros cadrados, dos que 823.174 son de uso industrial e 224.505 metros cadrados son de uso comercial.

Vías de comunicación:

- A estrada de acceso ao polígono é a nacional que une Ferrol con Betanzos, a N-651, aínda que a 27 Km atópase o enlace coa autoestrada do Atlántico A-9.
- O porto e a terminal de carga están no municipio de Ferrol, a escasos 3km de distancia. O aeroporto máis próximo é o da Coruña, a 60 km.

Distancias ás principais cidades galegas:

Ferrol - 2 km.

A Coruña - 65 km.

Santiago - 83 km.

Vigo - 182 km.

Pontevedra - 159 km.

Ourense - 202 km.

Lugo - 112 km

POLÍGONOS INDUSTRIAIS



Foi o
primeiro
polígono
da comarca
de Ferrolterra

AS LAGOAS

A principios de 1970 os propietarios de almacéns e pequenas industrias fóronse asentando en Narón a ambos os lados da estrada de Cedeira.

Este polígono actualmente ten 900.000 m² dos que 600.000 m² son de uso industrial.

No ano 2007 a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña e o Concello asinaron un convenio para proceder á urbanización da zona e dotala dos servizos necesarios.

Vías de comunicación:

- A través da estrada de Cedeira.
- O aeroporto máis próximo está a 55 km sendo o de Alvedro, A Coruña; o porto que máis cerca está é o de Ferrol a 7 km, e la terminal de carga ferroviaria a de Neda a 8 km de distancia.



En Narón
atopamos
sectores:
**comerciais,
de servizos
e industriais**

Oportunidades de negocio

Hai empresas de automoción, carpintarías, de aluminio, electricidade, transportes, ferro, alimentación, talleres mecánicos, téxtil ou auxiliar naval, entre outros sectores.

Lanzar un modelo de negocio que transforme o mercado, analizando as necesidades dos clientes actuais obriga a realizar cambios e novas liñas de actuación.



**DOTACIÓNS
DOS SOLOS
EN VENDA:**

Abastecemento.
Rede de rega e hidrantes.
Saneamento separativo:
- pluviais
- residuais
Infraestrutura telefónica.
Acometida 2º operador.
Zonas de aparcadoiro.
Beirarrúas.
Zonas verdes e xardinaría.
Iluminación pública.
Rede eléctrica.

O RÍO DO POZO SECTOR I

PARCELA EN VENDA



PARCELA
EQ SOCIAL (ESO.2)

SUPERFICIE M²
5.370,00 m²

O RÍO DO POZO SECTOR II



O RÍO DO POZO SECTOR III

PARCELA EN VENDA



PARCELA

J2

SUPERFICIE M²

3.599,91 m²

O RÍO DO POZO

SECTOR IV

PARCELAS
EN VENDA



O RÍO DO POZO

SECTOR IV

PARCELA	SUPERFICIE M ²
M1	13.888,31
M2	21.331,90
M4	10.253,93
M7	12.260,07
M8	18.841,03
M9	18.423,98
N1	11.322,97
N2	6.679,60
N3	6.499,42
O1	4.186,94
O2	4.479,63
O3	5.096,28
O4	5.096,92
O5	5.096,22
O6	5.095,83
O7	5.094,85
O8	5.095,82
O9	5.096,18
O10	5.096,17
O11	7.406,39
O12	5.214,14
O13	4.417,03
O14	4.445,83
O15	4.381,20
O16	4.446,56
O17	4.381,08
O18	4.413,38
O19	4.346,16
O20	4.478,19
O21	4.413,62
P1	6.017,20
P2	5.420,22

PARCELA	SUPERFICIE M ²
P3	5.457,50
P4	5.457,87
P6	5.376,60
P7	4.803,54
R2	4.745,59
R3	4.749,62
S3	4.531,49
S4	4.530,25
S5	5.130,39
T1	5.152,16
T2	4.589,59
T3	4.585,69
T5	4.377,12
T8	4.182,73
T11	4.051,67
T13	4.096,13
U1	2.475,46
U4	2.188,48
U10	2.191,38
U11	2.188,08
U14	2.218,04
V3	3.805,71
V4	3.797,55
V5	3.806,80
V6	3.802,69
V7	3.805,13
V8	3.802,75
W10	1.274,85



COMERCIO E
DISTRIBUCIÓN
CON AMÉRICA,
ÁFRICA E ASIA

Extraordinaria localización marítima

PORTO EXTERIOR DE FERROL

Entre as súas características principais atópanse o peirao que conta con 1.515 m con 20 m de calado e ten unha superficie de 900.000 m² e a nova terminal Hub de contedores con augas profundas e futuras conexións con todo o mundo.

PORTO INTERIOR DE FERROL

Conta con peiraos de 1.478 m con ata 14 m de calado. Ten unha superficie de 310.000 m².


Terminal multipropósito: RoRo, Breakbulk, Project cargo, cruceiros, etc.

Estaleiros, GNL, graneis (líquidos e sólidos, entre outros).

Tanto no porto interior coma no exterior de Ferrol atópanse dispoñibles solos para novas terminais portuarias.

GRAN LOCALIZACIÓN PARA EXPORTACIÓN E IMPORTACIÓN

- Distribución en España e Portugal.
- Distribución vía marítima no Arco Atlántico (con grande importancia da Francia atlántica e o Reino Unido).
- Conexións marítimas con América, África e Asia.





O Concello de Narón, no seu ánimo de favorecer a implantación e fixación de empresas no termo municipal, adhiriuse en 2018 ao protocolo asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para poñer en marcha a iniciativa Concellos Doing Business.

Na práctica, a sinatura deste convenio, que en cada concello ten as súas propias particularidades sobre un mínimo común, tradúcese nunha serie de bonificaciós no ICIO, IBI e IAE, sempre que se cumpran unha serie de requisitos.

Narón establece dúas categorías: unha, para pequenas e medianas empresas; outra, para as grandes empresas, superficies comerciais e áreas de comercio mixto ou multiproduto. Segundo o baremo que acompaña este documento, as empresas, en función do investimento realizado e do número de postos de traballo creados, reciben unha puntuación da que resultará a porcentaxe de redución no custo destes impostos. A maiores, o Concello comprométese, ademais, a tramitar as licenzas de obra maior nun prazo máximo de trinta días naturais, unha vez que toda a documentación estea en regra, e facilitar as xestións para a compra de solo no caso de que sexa necesario, xa que tamén se poderán beneficiar destas axudas as empresas xa asentadas e que decidan ampliar as súas instalacións.

BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI), SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE) E SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

O Concello de Narón establece bonificacións do 95% sobre a cota tributaria do ICIO, IBI e IAE cando se certifique a creación de emprego asociada a un investimento, tanto de obra nova coma de ampliación ou reforma das instalacións existentes. Segundo a puntuación obtida, as sociedades beneficiaranse dunha bonificación no ICIO.

As bonificacións no IBI e IAE producirán efecto a partir do exercicio seguinte ao do final das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO e manteranse durante os tres primeiros exercicios. Os novos postos de traballo creados que deseen dereito á concesión do beneficio fiscal, e que terán que materializarse nos seis meses seguintes ao final das obras, deberán manterse durante eses tres mesmos períodos impositivos. Ademais, como mínimo o 25% dos novos postos de traballo terán que ser de duración indefinida.

O Concello de Narón incluíu no convenio o efecto retroactivo de catro anos destas bonificacións, é dicir, dende 2015, polo que todas as empresas que cumpran os requisitos poderán solicitar a devolución dos importes correspondentes.

As empresas interesadas teñen que presentar a través do Rexistro Xeral do Concello unha instancia xenérica na que soliciten as bonificacións destes impostos enmarcados na iniciativa Doing Business. Xunto coa solicitude, deberán achegar unha declaración xurada cos datos dos traballadores e traballadoras contratados nun prazo máximo de seis meses despois do final das obras, así como a documentación que acredite a solicitude de liquidación do ICIO, na que figure o presuposto de execución material das obras.

BONIFICACIÓNS NA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA

Presupostos de execución material		Puntos	Postos de traballo de nova creación		Puntos
Ata 100.000,00 €		1	1		4
De 100.000,01 € a 150.000,00 €		2	2		6
De 150.000,01 € a 200.000,00 €		3	3		7
De 200.000,01 € a 250.000,00 €		4	4 ou máis		8
Máis de 250.000,00 €		5	---		---
Puntos	5	6	7	8	9
% Bonificación	50%	60%	70%	80%	95%

BONIFICACIÓNS GRANDES EMPRESAS, SUPERFICIES COMERCIAIS E ÁREAS DE COMERCIO MIXTO OU MULTIPRODUCTO

Presupostos de execución material		Puntos	Postos de traballo de nova creación			Puntos
Ata 3.000.000,00 €		1	15-50			1
De 3.000.000,01 € a 6.000.000,00 €		2	51-125			2
De 6.000.000,01 € a 9.000.000,00 €		3	126-200			3
De 9.000.000,01 € a 12.000.000,00 €		4	201-275			4
De 12.000.000,01 € a 15.000.000,00 €		5	Máis de275			5
Máis de 15.000.000,00 €		6	---			---
Puntos	7	8	9	10	11	
% Bonificación	50%	60%	70%	80%	95%	

Para máis información, visita a Sede
Electrónica do Concello de Narón:
sedeelectronica.naron.es

Outros teléfonos de interese:

Concello - 981 337 700

Entidade Pública Empresarial do Solo
(SEPES) - 901 119 999 / 981 995 598

Solo Empresarial do Atlántico (SEA) - 981 575 469

Asociación de Empresarios Ferrolterra - 981 333 305

Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e
Ortegal (COFER) - 981 333 322

Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE) - 981 333 322



www.naron.es